

SOLUCIONARIO

Lingua galega e literatura, 3º ESO A, B, C

Data de subida 05/05/2020

Debe entregarse en **formato** .odt/.doc no correo: isabelprofgalego@gmail.com

data límite de entrega: 12/05/2020

Aquí están uns pequenos exercicios de repaso do substantivo e do adxectivo (son poucos, 1 por día) :

1. Emparella cada substantivo co adxectivo axeitado tendo en conta o xénero:

Substantivos: *arte, uve, couce, sangue, árbore, leite, cor, dote, labor, sal, sinal, auga, peaxe*

Adxectivos: *encarnado, moderna, sonoro, doloroso, materno, escura, penoso, acústico, mariño, custosísima, clara, xeneroso, frondosa.*

Arte moderna, uve sonoro, couce doloroso, sangue encarnado, árbore frondosa, cor escura, dote xeneroso, labor penoso, sal mariño, sinal acústico, auga clara, peaxe custosísima

2. Escribe tres substantivos de cada tipo: Resposta libre

- a) Comúns - propios

- b) Concretos - abstractos

- c) Individuais - colectivos

- d) Contables - non contables

3. Indica ao lado destes substantivos o seus xénero poñendo o artigo correspondente:

o mel	a ponte	a aguía	o cume
a moto	a análise	a otite	o legume
o sal	a canle	o nariz	a viaxe
o traxe	o sorriso	a crise	a hepatite
a dor	a orde	a orixe	o cárcere
a suor	o costume	a paisaxe	a pandemia

4. Analiza o sexismo na linguaxe: Que opinión che merecen as formas *a xuíza, a médica, a xenerala, a capitá, a doutora, a mecánica, a camioneira*? Por que razóns quizais pensas

que algunhas “non soan ben”? **Resposta libre**

5. Escribe o feminino dos seguintes adxectivos:

livián	liviá	durmiñón	durmiñoña	folgazán	folgazana
cotián	cotiá	humano	humana	insán	insá
ourensán	ourensá	alemán	alemá	ferrolán	ferrolá
comellón	comellona	nugallán	nugallá	aldeán	aldeá

6. Completa as seguintes comparación coas partículas que faltan.

O tempo deste maio é máis agradable _____ **do que** _____ pronosticaron.

É tan alta _____ **coma** _____ ti.

Icía é tan intelixente _____ **como** _____ pensabamos.

O noso exame foi máis doado _____ **ca** _____ o voso.

Eles fan menos tarefas _____ **ca** _____ min.

7. Crea oracións cos dous destes cursos: 3ºA/ 3ºB/3ºC

a) Grao comparativo de igualdade : **tan como/coma**

b) Grao comparativo de superioridade: **máis ca / que**

c) Grao superlativo absoluto: **moi + adxectivo / ben + adxectivo / adxectivo
acabado en ísimo**

d) Grao superlativo relativo : **o máis de / o menos..... de**